



Deber de Información

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS	
Responsable	DEPUTACIÓN DE LUGO
Finalidade	Xestión integral das reservas de viaxes nas Rutas Fluviais propiedade da Deputación de Lugo
Lexitimación	Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada no interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento Tratamento necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable del tratamento Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia
Destinatarios	Se procede, ás empresas adxudicatarias dos seguros das embarcacións das rutas fluviais.
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos, tal e como se indica en http://www.deputacionlugo.gal/lopd
Procedencia	O propio interesado ou o seu representante legal

¹ Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o seguinte enlace web: http://www.deputacionlugo.gal/rexistro_actividades_tratamento/programa_rutas_fluviais

**INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS PERSOAIS**

Aos efectos previstos no “Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y el Consejo de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento general de protección de datos)”, proporciónaselle a seguinte información en relación ao tratamento dos seus datos.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO

A información facilitada no formulario é titularidade da DEPUTACIÓN DE LUGO, domiciliada en Rúa San Marcos, 8 – 27001 Lugo.

Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

- Teléfono: 982260000
- Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org
- Fax: 982180004
- Contacto DPD: dpd@deputacionlugo.org

FINALIDADE

Na DEPUTACIÓN DE LUGO tratamos a información que nos facilitan as persoas interesadas coa fin da organización e xestión de xornadas e actividades para a difusión e dinamización do turismo na provincia de Lugo.

Non está prevista a toma de decisións automatizadas ou a elaboración de perfís.

Os datos persoais das persoas interesadas na recepción de información conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recabaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

LEXITIMACIÓN

A lexitimación do tratamento dos seus datos persoais atopa o seu fundamento no cumprimento dunha misión realizada no interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento (Lei 8/1989, de 15 de xuño, de delimitación e coordinación das competencias das Deputacións Provinciais de Galicia). Os datos persoais solicitados son de carácter obrigatorio, polo que a súa non cumprimentación supón a imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros anteriormente descritos e o cumprimento das finalidades definidas no apartado anterior.

DESTINATARIOS

Se procede, ás empresas adxudicatarias dos seguros das embarcacións das rutas fluviais.

Non está prevista a transferencia internacional dos datos.

**DEREITOS**

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, en DEPUTACIÓN DE LUGO, estamos tratando datos persoais que lles concirnan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento das fins para os que foron recollidos e en cumprimento da lexislación vixente.

En determinadas circunstancias, os interesados poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso, unicamente, se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os interesados poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. DEPUTACIÓN DE LUGO deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou na defensa de posibles reclamacións.

Así mesmo, o interesado ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou a DEPUTACIÓN DE LUGO nun formato estruturado, de uso común e lexible por máquina. Este último dereito quedará limitado polas seguintes excepcións: que os datos sobre os que recae este dereito foran facilitados pola persoa interesada; que os seus datos sexan tratados por DEPUTACIÓN DE LUGO de xeito automatizado (medios informáticos).